



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA

Axudas a transformación dixital das pemes

Webinar IG300C · Convocatoria 2026-2027

Unha explicación clara para pasar de "teño
unha idea" a "teño unha solicitude sólida".



» PLAN DE VOO

1. Entender a axuda

Para quen é, que se financia e que cal é o resultado final en produción.

2. Elixibilidade

Beneficiarios, sectores, custos, límites e tres ofertas.

3. O diferencial 2026

Anticipo do 80 %, intensidades, conceptos subvencionables e sectores con tratamento especial.

4. Solicitude

Como contar o proxecto para puntuar e non atascarse.



A idea da sesión: reducir ambigüidades.

Ao final deberíamos saber responder tres cousas: encaixa?, canto podería recibir?, e que documentación necesito?



» O QUE HAI QUE SABER ANTES DE ABRIR O FORMULARIO

3 M€

orçamento da convocatoria

**11 xuño –
10 xullo**

prazo de solicitude

**30 xuño
2027**

límite xeral de execución

12.000 €

Investimento mínimo

80 %

anticipo da subvención

3 carrís

tipo 1, 2 e 3 por importe

Non se subvenciona “pensar” a dixitalización: subvenciónase implantar, poñer en marcha e poder demostrar resultados.

Anticipo: máis facilidade inicial, mesmas obrigas finais.



» QUE CAMBIA FRONTE A 2025?

1. Só proxectos individuais

En 2025 había proxectos individuais e colectivos; en 2026 a modalidade é individual.

2. Tipoloxías máis ordenadas

Aparecen explicitamente ASG instrumentado por tecnoloxía e ciberseguridade como tipoloxías propias.

3. Anticipo 80 %

A resolución incorpora pagamento anticipado tras aceptación expresa da DECA, co límite da anualidade.

4. Licenzas e SaaS

Poden encaixar ao 50 % en minimis, pero como parte accesoria ou complementaria do proxecto.

5. Sectores e intensidades

Hai que distinguir intensidade xeral, intensidade reducida e sectores estratéxicos que puntúan.

6. Máis peso sectorial

Pertenza a sector industrial estratéxico: 15 puntos se queda acreditado o encaixe material.

Máis liquidez, máis claridade e máis simplicidade para clasificar ben o proxecto.

» CAL É O RESULTADO FINAL EN PRODUCCIÓN?



» Bo sinal

Ao final hai un sistema implantado, configurado e operativo en contorna real, con evidencias verificables.

» Sinal de alerta

Só hai estudos, plans, diagnóstico, deseño, marketing ou unha web informativa sen proceso operativo.

Non abonda con dicir que se implanta unha ferramenta: cómpre explicar que proceso se transforma e que evidencias permitirán comprobalo

» PARA QUEN É?

Poden solicitar

Persoas autónomas e pequenas ou medianas empresas con centro de traballo en Galicia onde se execute o proxecto.

Coidado con

Empresas proveedoras dos mesmos bens ou servizos para os que solicitan a axuda, empresas en crise ou con orde de recuperación.

Obrigas clave

Estar ao corrente, manter investimentos, contabilidade separada, publicidade FEDER e conservación documental.

Antes de traballar a memoria, paga a pena facer unha “check” rápido:



Son peme?



Teño centro en Galicia?



O proxecto non empezou?



Os provedores non están vinculados?



O meu sector afecta á intensidade?

» TIPOLOXÍAS DE PROXECTOS



- 1 Interfaces e canles con terceiros
- 2 Dixitalización e automatización de procesos
- 3 Sistemas de xestión integral
- 4 ASG instrumentado por tecnoloxía
- 5 Ciberseguridade para a operación dixital
- 6 Mellora da función loxística

O Igape poderá reclasificar a tipoloxía se a proposta non encaixa ben. Mellor anticiparse.

» EXEMPLOS QUE SI ENCAIXAN

» Canle B2B integrada

Portal de pedidos para distribuidores conectado co ERP e con trazabilidade de pedidos.

» Proceso interno

Captura automática de datos de produción e cadro de mando operativo.

» ERP / xestión integral

Implantación dun ERP con migración, parametrización e módulos troncais.

» ASG con datos

Sistema para medir consumos, residuos e pegadas con indicadores verificables.

» Ciberseguridade

Implantación de medidas de seguridade con configuración, integración e validación inicial.

» Loxística

WMS, trazabilidade de envíos, xeolocalización, sensorización ou optimización de rutas.

» O QUE NON CONVÉN VENDER COMO PROXECTO

Non abunda con...

- ✗ "Facer unha web"
- ✗ "Comprar licenzas"
- ✗ "Contratar márketing dixital"
- ✗ "Pedir un estudo"
- ✗ "Renovar un servizo recorrente"

Ten que haber...

- ✓ Implantación efectiva
- ✓ Posta en funcionamento real
- ✓ Resultado verificable
- ✓ Integración coa operativa
- ✓ Custos directamente vinculados

O proxecto debe sobrevivir á pregunta: "que evidencia me ensinas ao final?"



» TRES CARRÍS DE CONCORRENCIA

Tipo 1

**12.000 € a <
50.000 €**

proxectos pequenos

Tipo 2

**50.000 € a
120.000 €**

proxectos medios

Tipo 3

> 120.000 €

proxectos grandes

As tipoloxías explican o que se fai; os tipos organizan a competición orzamentaria.



» CUSTOS ELIXIBLES: A MOCHILA DO PROXECTO

» **Investimentos**

Materiais ou inmateriais novos, adquiridos en propiedade e vinculados á implantación.

» **Consultoría**

Servizos tecnolóxicos ou organizativos directamente relacionados coa execución.

» **Licenzas / SaaS / nube**

Só en minimis, ao 50 %, con carácter accesorio ou complementario do proxecto.

» **Hub innovación dixital**

Coordinación, apoio na definición, selección de tecnoloxías / provedores e seguimento.

» **Informe técnico**

Ata 2.000 € cando proceda por importe de inmateriais ou conxunto de conceptos.

» **Tres ofertas**

Se o importe supera 15.000 €, ofertas comparables, non vinculadas, identificadas e con data.

» MAPA DE INTENSIDADES

Concepto / réxime	Pequena	Mediana	Comentario práctico
Investimentos art. 14 RXEC	35 %	25 %	réxime xeral para investimentos que encaixan en axuda rexional
Investimentos art. 17 RXEC	20 %	10 %	cando non encaixa art. 14 e si art. 17; afecta aos sectores con intensidade reducida
Consultoría art. 18 RXEC	50 %	50 %	servizos externos tecnolóxicos ou organizativos
Licenzas, SaaS, nube (minimis)	50 %	50 %	só como parte accesoria ou complementaria do proxecto

O réxime de axuda non o escolle a solicitante: resultará da aplicación das bases e aparecerá na resolución.

» SECTORES EXCLUÍDOS E ENCAIXE NO ARTIGO 17 DO RXEC

14

Investimentos que NON poden ir por artigo 14

- ✗ Aceiro
- ✗ Lignito e carbón
- ✗ Transporte e a súa infraestrutura
- ✗ Enerxía (produción, almacenamento, transporte, distribución e infraestruturas)
- ✗ Banda larga

i

Nestes casos, os investimentos materiais e inmateriais non poden acollerse ao artigo 14.

!

Sectores que non entran / limitación específica

- ✗ Pesca e acuicultura: non entra
- ✗ Producción agrícola primaria: non son subvencionables os investimentos materiais e inmateriais ao abeiro dos artigos 14 e 17.

17

Cando pode encaixar no artigo 17?

Só se o proxecto supón un investimento ligado a un destes supostos:

A

Creación dun novo establecemento

B

Ampliación dun establecemento existente

C

Diversificación da produción cara a produtos ou servizos novos no establecemento

D

Transformación fundamental do proceso global de produción ou da prestación do servizo

Idea clave: o artigo 17 non é unha alternativa automática ao artigo 14; hai que xustificar expresamente en que suposto encaixa o proxecto.



» EXEMPLOS CON NÚMEROS: AGRÍCOLA PRIMARIO E TRANSPORTE

Cando o sector limita o réxime, importa separar proxecto total, base subvencionable e intensidade media real.

Producción agrícola primaria

Explotación de vacún de leite

Proxecto: implantación dunha plataforma SaaS de trazabilidade sanitaria, produción, calidade do leite e entregas á industria.

Encaixe: entra a consultoría tecnolóxica e organizativa e, se procede, o SaaS en minimis; os activos quedan fóra da base subvencionable.

Proxecto total				
24.000 €				
Subvención estimada				
9.000 €				
Intensidade media sobre o proxecto				
37,5 %				
Concepto	Importe	Axuda	%	
Consultoría: análise do proceso, definición dos fluxos dixitais, modelo de datos e validación funcional.	14.000 €	7.000 €	50 %	
SaaS trazabilidade cloud (minimis, accesorio)	4.000 €	2.000 €	50 %	
Sensores/equipos/software en propiedade	6.000 €	0 €	0 %	

Lectura: o proxecto pode ter investimento técnico, pero non todo é subvencionable. A intensidade media baixa ao calcular sobre o proxecto total.

Sector transporte

Pequena empresa de transporte de mercadorías

Proxecto: plataforma con portal B2B, trazabilidade de expedicións, integración por API e entrega/incidencias dixitais.

Encaixe: non vai por artigo 14; o investimento só entra se se xustifica artigo 17, por transformación fundamental ou diversificación real.

Proxecto total				
60.000 €				
Subvención estimada				
18.000 €				
Intensidade media sobre o proxecto				
30 %				
Concepto	Importe	Axuda	%	
Plataforma, portal B2B, APIs e trazabilidade en propiedade	40.000 €	8.000 €	20 %	
Consultoría de redeseño operativo, análise funcional, acompañamento tecnolóxico-organizativo e validación do novo modelo.	20.000 €	10.000 €	50 %	
Vehículos, remolques, combustible ou mantemento	—	0 €	Fóra	

Lectura: no transporte, o punto crítico non é a ferramenta: é demostrar que cambia globalmente a forma de prestar o servizo.

Mensaxe común: a clave non é só o sector; é que conceptos se subvencionan e baixo que réxime encaixan.

» SECTORES E INTENSIDADES: DOUS MAPAS DISTINTOS

Non mesturar sectores que puntúan con sectores que cambian intensidade.

Mapa 1a • Intensidade xeral

A maioría das pemes con investimentos que encaixen no artigo 14 RXEC: 35 % pequena / 25 % mediana.
Consultoría: 50 %.

Mapa 1b • Intensidade reducida

Aceiro, construción naval, carbón, transporte, fibras sintéticas e enerxía: nos investimentos, 20 % pequena / 10 % mediana cando corresponda.

Mapa 2 • Puntuación sectorial

Sectores industriais estratéxicos poden sumar 15 puntos: naval, automoción, TIC, metalmecánico, forestal-madeira, loxística industrial, alimentación, téxtil e construción.

Un sector pode ser relevante para a puntuación e, ao mesmo tempo, ter que analizar a intensidade aplicable aos seus investimentos.

» EMPRESA ÚNICA E MINIMIS: ONDE ESTÁ O LÍMITE?

Non se calcula só mirando o NIF solicitante: hai que revisar o perímetro de control e as axudas de minimis xa concedidas.

1 Que é "empresa única"?

Para minimis, considéranse conxuntamente as empresas vinculadas por control directo ou indirecto.

- maioría de dereitos de voto;
- dereito a nomear ou revogar a maioría do órgano de administración;
- influencia dominante por contrato ou estatutos;
- control maioritario por acordo con outros socios.

Tamén contan as relacións a través doutras empresas.

2 Que límite se comproba?

300.000 €

réxime xeral
3 anos

50.000 €

producción agrícola
primaria · 3 anos

A comprobación acumula as axudas de minimis concedidas á empresa única por calquera Administración ou entidade pública no período aplicable.

Se se supera o límite, esa parte minimis queda fóra; o resto poderá calcularse polo réxime que proceda.

» **ANTICIPO:**

80 % da subvención, sen garantías, pero con condicións.

80 %

da subvención concedida

Sen garantías

A infografía resume a mensaxe: anticipo do 80 % sen necesidade de garantías.

Con límite anual

O anticipo queda limitado pola anualidade prevista no exercicio orzamentario correspondente.

Tras a DECA

Unha vez aceptada expresamente a resolución, o aboamento tramítase de oficio.

Non substitúe a xustificación


Se finalmente se xustifica menos do concedido ou anticipado, toca regularizar e reintegrar se procede.

Forma simple de dicilo: “facilítase financiamento, non se adianta cumprimento”.



» ANTICIPO: CALENDARIO

Como explicar o 80 % sen crear falsas expectativas.



31/10/2026

Se o proxecto vai a 2027 e o anticipo se aboou con 30 días naturais de antelación, hai xustificación parcial dos gastos realizados e pagados ata esa data.

Excepción práctica

Se pola data de resolución, aceptación ou aboamento non hai tempo material, a xustificación do anticipo faise coa liquidación final.

30/06/2027

Data límite xeral para execución e liquidación final no resto dos proxectos.

» CALENDARIO E RISCOS DE PRAZO

O cronograma que debería estar pegado na mesa.



O proxecto non pode empezar antes da solicitude: nin contrato, nin oferta aceptada, nin pedido, nin pagamento anticipado.

»» **COMO SE PUNTÚA: ONDE PAGA A PENA ESFORZARSE**

A memoria debe estar pensada para o baremo.

65

calidade técnica

15

investimentos e
capacidade

15

sector industrial
estratéxico

5

concello emprendedor

A puntuación non se gaña con adxectivos: gañase con problema claro, alcance concreto, entregables, calendario, provedores e melloras verificables.

O encaixe nun sector estratéxico debe estar acreditado na documentación; non se puntúa por intuición.

» A MEMORIA QUE SUMA PUNTOS

Unha estrutura sinxela para non deixar cabos soltos.

1. Situación actual

Que problema ou necesidade hai? Datos, procesos afectados e limitacións.

2. Solución proposta

Que se implanta, que módulos, que integracións, que queda operativo.

3. Plan de traballo

Fases, responsables, calendario, entregables e validación.

4. Melloras esperadas

Indicadores antes/despois: tempo, erros, trazabilidade, custos, seguridade.

5. Provedores e custo

Ofertas comparables, solvencia e xustificación técnica/económica.

A memoria debería poder responder a "que compro?", "por que iso?", "quen o fai?", "cando remata?" e "como sei que funciona?".

» DOCUMENTACIÓN: A MOCHILA ANTES DE PREMER ENVIAR

O trámite é electrónico, pero a calidade documental segue importando.

Checklist mínimo

- ✓ formulario electrónico en SPIGA
- ✓ memoria técnica clara
- ✓ orzamentos/ofertas cando proceda
- ✓ declaracións responsables
- ✓ evidencias de peme e actividade
- ✓ datos de minimis e axudas
- ✓ acreditación sectorial se se pide puntuación

Consello de xestión

Non esperes ao último día para descubrir que falta un orzamento comparable, unha acreditación sectorial ou a aceptación expresa da DECA.

A solicitude sólida adoita empezar antes de abrir o formulario.

» TRES MINI-CASOS PARA CALCULAR A AXUDA

Útiles para explicar intensidades e anticipos.

Peme pequena · réxime xeral

40.000 € investimento + 5.000 €
consultoría

Axuda: $14.000 + 2.500 = 16.500$ €

Anticipo: 13.200 €

Peme pequena · sector con intensidade reducida

40.000 € investimento + 5.000 €
consultoría

Axuda: $8.000 + 2.500 = 10.500$ €

Anticipo: 8.400 €

Peme mediana · con SaaS accesorio

60.000 € investimento + 8.000 € SaaS
+ 4.000 € consultoría

Axuda: $15.000 + 4.000 + 2.000 =$
21.000 €

Anticipo: 16.800 €

Sempre condicionado a que o concepto sexa subvencionable e o réxime aplicable quede correctamente determinado.

» SEMÁFORO ANTES DE PRESENTAR

Unha última revisión para evitar sustos.

Verde

Proxecto non iniciado, solución implantable, custos vinculados, calendario realista, orzamentos comparables e evidencias finais claras.

Amarelo

Hai SaaS importante, sector con tratamento especial, provedores difíciles de comparar ou custos pouco desagregados: revisar antes.

Vermello

Contrato asinado antes da solicitude, web só informativa, marketing dixital, diagnóstico sen implantación, provedor vinculado ou proxecto sen resultados.

A mellor emenda é a que non fai falta pedir.

» CONFUSIÓNS FRECUENTES

Cinco aclaracións rápidas.

“Teño SaaS, xa podo pedir?”

Non por si só: debe ser accesorio ou complementario dun proxecto con entidade propia.

“O 80 % é do investimento?”

Non: é da subvención concedida, e co límite da anualidade.

“Se son sector estratéxico cobro máis?”

Non necesariamente: suma puntos se se acredita o encaixe; a intensidade depende do concepto e réxime.

“Podo empezar cando pida ofertas?”

Podes pedir ofertas, pero non aceptar, contratar, pedir ou pagar antes da solicitude.

“Unha web entra?”

Só se incorpora procesos operativos ou transaccionais estruturados, non mera presenza online.



» A CHULETA OFICIAL

A infografía condensa o que a empresa debería gardar.



IG300C - AXUDAS Á TRANSFORMACIÓN DIXITAL DAS PEMES

Concurrenza competitiva

Prazo de presentación:
Do 11 de xuño ás 9.00 h
ata o 13 de xullo ás 14.00 h

Orzamento
3.000.000 €



» PARA QUEN

- Persoas autónomas.
- Pequenas e medianas empresas con centro de traballo en Galicia no que se vaia realizar o proxecto

» TIPOLOXÍAS DOS PROXECTOS



1. Interfaces e canles dixitais de relación con terceiros
2. Dixitalización e automatización de procesos
3. Sistemas de xestión integral
4. ASG instrumentado por tecnoloxía
5. Ciberseguridade para a operación dixital da empresa
6. Mellora da función lóxística

» CONCEPTOS SUBVENCIONABLES

- Investimentos materiais e inmateriais novos adquiridos en propiedade, directamente vinculados á implantación da solución do proxecto.
- Servizos de consultoría externa de carácter tecnolóxico ou organizativo.
- Licenzas temporais, subscricións e servizos en nube ou en modalidade SaaS, subvencionables **exclusivamente en réxime de mínimos**.
- Nos proxectos coordinados por un hub de innovación dixital: custos de coordinación, apoio á definición do proxecto, apoio na selección de tecnoloxías e provedores e seguimento da súa implementación.



IG300C - AXUDAS Á TRANSFORMACIÓN DIXITAL DAS PEMES

» OUTRAS CUESTIÓNS A TER EN CONTA

- ✓ Os investimentos e gastos subvencionables **non poderán ter comezado antes** da presentación da solicitude de axuda no Igape
- ✓ Cando o importe dalgún dos investimentos ou gastos subvencionables **superen os 15.000 €** deberá achegarse 3 orzamentos que sexan comparables, non vinculados, con clara identificación da oferta e destinatario, data de emisión

» CONTÍA DA AXUDA

*INVESTIMENTOS MATERIAIS E INMATERIAIS	CONSULTARÍA	LICENZAS E SUBSCRICIÓN	
35 %	25 %	50 %	50 % (MÍNIMIS)
empresas pequenas	empresas medianas		

*Excepción: empresas dos sectores de aceiro, construción naval, carbón, transporte, fibras sintéticas e enerxía: 20% para pequenas empresas e 10% para medianas

- » O importe subvencionable mínimo dos proxectos é 12.000 €
- » ANTICIPOS: 80 % da subvención, sen necesidade de garantías

» PRAZO DE EXECUCIÓN E SOLICITUDE DE LIQUIDACIÓN DA AXUDA

- ✓ O **prazo de execución** establecece na resolución da concesión e non poderá superar como máximo o 30 de xuño de 2027.
- ✓ **Solicitude de liquidación:** ata o 31 de outubro de 2026 para os proxectos cuxo prazo máximo de execución sexa o 31 de outubro de 2026 ou anterior, e como máis tarde o 30 de xuño de 2027 no resto dos proxectos.



MÁIS INFORMACIÓN



COMO A SOLICITO?
Solicita a túa axuda en
spiga-sede.igape.es

» PECHÉ: TRES MENSAXES PARA LEVAR

Se só quedasen tres ideas, quedarían estas.

1. Encaixe

O proxecto ten que rematar nunha solución real, operativa e verificable.

2. Cálculo

A intensidade depende do concepto, do réxime e do sector: non hai un único porcentaxe para todo.

3. Anticipo

O 80 % axuda á tesouraría, pero hai que aceptar DECA, executar e xustificar correctamente.



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA

» Más información:

informa@igape.es

900 815 151

Solicitudes: spiga-sede.igape.es

